

*Manuel Puente*

Bmé.Mitre 1263  
BUENOS AIRES

Buenos Aires Mayo 4 de 1961

Señor

Alvaro GIL VARELA  
Felipe IV No 9  
MADRID-ESPAÑA

Meu estimado amigo;

Fai tempo que desexaba escribirlle pero os que andamos atarefados con tantas preocupacios a falta de vagar traiciona os nosos sentimentos.-

Escribolle oxe po lo siguiente; A - Historia de Galicia que vostede estará enterado me - comprometín a facer imprimir, e que xa debía estar circulando, está recién nos seus comenzos, e será realidade po lo menos nos dous primeiros tomos, que é o único material que hasta agora enviaron da terra, e esto vai a ser posible gracias o concurso de Don Luis TOBIO, que sabedor das dificultades en que eu me encontraba por falla da persoa que se habia comprometido a dirixir a impresión, se ofreceu a correr el con ese traballo- e po lo tanto se está comenzando a imprimir en Montevideo, - e como o por en orden os materiales nos topamos en que se estraviouo mapa xeral de Galiza que foi feito xunto con os rexionales ou comarcales, por un cartógrafo de Madrid cuyo nome non sei, e como creo que vostede lle abonou mais ou menos 60.000 Pesetas e saberá quen e -o molesto para rogarlle me faga o favor de encargarlle a confección de outro mapa xeral igual o anterior lle abone o que sexa e remita a brevedade posible directamente a Don Luis TOBIO a MONTEVIDEO ou a mín.-

Dícenme que os cartógrafos conservan detalles ou "maquetes" dos traballos que fan-si en este caso sucedera o mesmo ganariase moito tempo que en verdad agora urxe.-

En espera de suas noticias reciba moi afectuosos saudos de seu amigo e ;

S S S